



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Dereito

Curso Académico: Curso 2016-2017

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)

- Plan de Melloras
 - Abertas curso 2016-2017
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - Finalizadas curso 2016-2017
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [AM-1](#)
 - [AM-2](#)
 - [AM-3](#)
 - [AM-10](#)
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - [AM-8](#)
 - [AM-9](#)
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - [AM-4](#)
 - [AM-5](#)
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - [AM-11](#)
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - [AM-12](#)
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - [AM-6](#)
 - [AM-7](#)

Plan de Melloras

- Abertas curso 2017-2018
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [AM-1](#)
 - [AM-2](#)

- [AM-3](#)
- [AM-9](#)
- [AM-10](#)
- Criterio 2 - Información e transparencia
 - [AM-8](#)
- Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - [AM-4](#)
 - [AM-5](#)
- Criterio 4 - Recursos humanos
 - [AM-12](#)
- Criterio 5 - Recursos materiais
 - [AM-11](#)
- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendimento
 - [AM-6](#)
 - [AM-7](#)

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Dereito
Mencións/Especialidades	--
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	--
Centro responsable	Facultade de Dereito
Centro/s onde se imparte	Facultade de Dereito
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- O título de Graduado en Dereito mantén a súa relevancia e está plenamente actualizado, tanto en relación aos requisitos do ámbito académico, como aos científicos e profesionais. Tal e como se ten salientado na Memoria verificada como no Informe de Renovación da Acreditación, os estudos xurídicos teñen estado presentes na Universidade europea desde as súas orixes, no século XI. No caso da Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Dereito retrotrae as súas orixes ao ano 1649. Desde entón e ata a actualidade, tense ocupado da formación xurídica universitaria en Galicia de xeito exclusivo hasta a década dos noventa do século pasado, cando se implantaron as demais Facultades xurídicas do SUG. Malia este dato, o Grao ofertado na nosa Facultade segue a ser o de maior demanda de todo o Sistema Universitario Galego, con 798 solicitudes de admisión no curso 2016/17, cunha nota media de bacharelato de 9.994 (fonte: CIUG).
- O atractivo e a actualidade do título ten repercutido nunha mellora do perfil de ingreso. Así, mentres no curso 2015/2016 a nota media de corte para o Grao en Dereito foi dun 7,231 (recollido no Informe de Renovación da acreditación), no actual curso 2017/2018 esta nota ascendeu ao 8,57 (fonte: CiUG). A tendencia mantense no dobre itinerario Dereito- Relacións laborais (simultaneidade de estudos), pasando dun 8,911 no curso 2015/2016 ao 10,36 (fonte: CiUG).
- Polo que se refire aos nosos egresados do Grao en Dereito, o grao de satisfacción xeral coa titulación é dun 3.20 no curso 2016/2017 (IN42G-S01-PM-01). Cifra que se mantén na liña das avaliacións anteriores. Sen dúbida, o dato máis significativo con respecto aos egresados o arroxa o IN22G-PC-09. *Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións.* A porcentaxe situouse no 48.75%, máis de 6 puntos por riba do curso 2015/2016. Este dato reflicte a vontade dos nosos estudantes de complementar a súa formación xurídica teórica coa práctica.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

- A oferta de materias e asignaturas axústase con carácter xeral ao establecido na memoria verificada. Sen embargo, téñense detectado dúas incidencias. En primeiro lugar, non se ten ofertado materias en inglés de xeito completo (limitándose a impartición de aulas en galego e castelán). Nestes momentos, e trala aprobación do Regulamento LEDUS sobre docencia en lingua estranxeira estase a valorar as materias que poderían incorporarse no plan de estudos de Dereito nos vindeiros cursos académicos; en segundo lugar, a inexistente demanda por parte do alumnado ten feito que non se impartisen no curso académico 2016/2017 as seguintes materias:
 - G3161447 Idioma Estranxeiro Técnico- Xurídico I (Lingua Francesa)
 - G3161449 Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico I (Lingua Italiana)
 - G3161451 Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico II (Lingua Francesa)
 - G3161453 Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico II (Lingua Italiana)

Esta realidade determina agora o plantexamento dunha modificación menor do noso plan de estudos do Grao en Dereito (vid infra).

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, e sistemas de avaliación correspondeuse co establecido na memoria, permitindo a consecución das competencias. Sen embargo, a experiencia transcorrida desde a implantación do Grao ten levado ao plantexamento das modificacións dos sistemas de avaliación de certas materias, recollidas máis abaixo no epígrafe correspondente do Informe. Polo que se refire aos tamaños dos grupos, aínda que a media de alumnos por grupo de teoría mantense dentro das previsións da Memoria, no caso da docencia práctica presenta unha desviación excesiva con respecto ás previsións iniciais, situándose a media de 37.80 (IN32G-PS-01), número real moito máis elevado nos primeiros cursos do Grao e nalgúns materias illadas en terceiro e cuarto, sempre lonxe dos 20 estudantes previstos na Memoria.
- Non existen cursos de adaptación nin no Grao en Dereito nin no Dobre itinerario Derecho e Relacións Laborais e Recursos Humanos.
- O alumnado da Facultade destaca pola súa participación en programas de mobilidade, ascendendo a un 4.45% do noso estudantado. O desglose por programas é o que segue: Erasmus 19; SICUE 22; Convenio Bilateral 2.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

- Os mecanismos de coordinación docente reforzados que se teñen arbitrado tralo Informe de Renovación da Acreditación teñen mellorado o sistema de coordinación entre as diferentes materias. Os coordinadores de curso, nomeados no seo da Comisión de Docencia e Calidade, celebran reunións cos docentes de cada curso e semestre nas que se intentan arranxar potenciais duplicidades (en cuestións como a explicación das fontes do Dereito, incluídas nos programas de varias materias, se ben en cada unha delas coas peculiaridades de cada asignatura). Tamén os mecanismos de coordinación docente teñen servido para corrixir a excesiva carga de traballo que os estudantes padeceron en certas materias nos primeiros anos de implantación do Grao, acusadamente nas semanas

de docencia interactiva.

- Non se trata dun título interuniversitario.
- A titulación de Grao en Dereito conta cun sistema de prácticas externas coordinado pola Vicedecana de Organización Académica, a través do cal se lle recoñecen aos alumnos créditos de natureza optativa. Estas prácticas son realizadas nas distintas administracións públicas, órganos xurisdicionais, notarías, rexistros, etc. Dos resultados das enquisas de satisfacción despréndese que case a metade dos estudantes egresados ten realizado prácticas en empresas e institucións (48,75% segundo o IN22G-PC-09). O grao de satisfacción dos implicados na realización das prácticas é moi alto e continúa unha tendencia crecente. Así, a valoración media da satisfacción dos estudantes coas prácticas externas é dun 4,49 sobre 5 (IN19G-PC-09), a dos títos profesionais é dun 4,40 sobre 5 (IN20G-PC-09) e a dos títos académicos dun 4,80 sobre 5 (IN21-PC-09).
Ademais, tamén se ofertan prácticas externas extracurriculares, tanto no marco do Consello Social da USC como da propia Facultade de Dereito.
- O título é presencial.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- O perfil de ingreso dos alumnos do Grao en Dereito e do Dobre itinerario de Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos ten mellorado ao longo dos pasados cursos académicos, tal e como demostran as notas de corte de acceso a ambas titulacións. No curso 2016/2017, a nota media de acceso por preinscrición no Grao en Dereito foi do 9,99, sensiblemente superior ao 9,26 do curso anterior e no caso do Dobre itinerario foi de 10,978 fronte ao 10,49 do curso anterior (Vid IN06G-PC-05). Nos dous casos, a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis é do 100% (IN07G-PC-05).
- Polo que se refire a nota de corte, no Grao en Dereito foi dun 8,374 e dun 10,027 no caso do Dobre itinerario (vid informe de notas de corte do SUG).

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- A aplicación das distintas normativas axústase á Memoria verificada. Neste punto recórdase que a USC ten establecidas normativas reguladoras da permanencia dos estudantes, sistema de transferencia e recoñecemento de créditos, etc. Como principal novidade neste campo salientase a implantación do novo *Regulamento dos traballos de fin de Grao da titulación de Graduado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado en decembro de 2016 e polo que se arbitra un dobre sistema de avaliación destes traballos (ante titor-novidade, na que o estudante pode obter unha cualificación máxima de 8 puntos- e perante tribunal – opción que existía no anterior regulamento e que permite a obtención da cualificación máxima de 10 puntos). O texto do novo Regulamento atópase na web da Facultade: <http://www.usc.es/gl/centros/dereito/normativa/>. Anualmente, cada curso apróbanse tamén diferentes resolucións decanais destinadas á ordenación dos procedementos de cambios de grupo ou prácticas externas. Destácase que no curso 2016/2017, 9 dos nosos

estudantes cursaron prácticas extracurriculares, tanto a través do Consello Social da USC como as xestionadas polo propio centro.

A suma destas normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título, malia que a taxa de graduación ten baixado no pasado curso ata o 48,88, fronte ao 56,83 da media da USC. Sen embargo, a taxa de éxito das materias do plan de estudos en poucas materias baixa do 75%, esencialmente no caso de materias do primeiro curso de grao (o que demostra que coincide cos primeiros momentos de incorporación á Universidade).

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con carácter xeral, a información sobre o título de Grao en Dereito recóllese na páxina web institucional da Universidade, así como a web da propia Facultade de Dereito (<http://www.usc.es/es/centros/dereito/>). Nelas publícanse todas as información relativas ao programa formativo e o seu desenvolvemento. Recentemente dotouse de maior contido e visibilidade ao apartado relativo á Calidade, tal e como se pode comprobar no enlace web: <http://www.usc.es/gl/centros/dereito/sgic.html>. Ademais, inseriuse un apartado específico relativo á transparencia da Facultade: <http://www.usc.es/gl/centros/dereito/transparencia.html>.

No momento de redacción deste auto informe de seguimento está pendente unha actualización da páxina web desde os servizos centrais da USC na que se recolla a nova titulación ofertada no vindeiro curso 2018/2019 (Grao en Criminoloxía), así como as modificacións menores operadas na memoria do Grao en Dereito e que figuran no apartado pertinente neste informe.

Polo que se refire á suficiencia e relevancia da información subministrada, de acordo co *IN23-PC-12: Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible*, sitúase no 3,05 sobre 5, ao tempo que no *INF9 Informe da enquisa de satisfacción de egresados*, ítem "Páxina web da Universidade de Santiago de Compostela", valórase polos egresados cun 3,39, por riba da media da USC, dun 3,44.

A finais do pasado ano 2017 a páxina web da USC, e en consecuencia, a da Facultade, melloraron a súa aparencia, facilitando a navegación aos usuarios e adaptándose unha versión para os teléfonos móbiles. Polo que atinxe á páxina web do Centro actualízase con todas as informacións relevantes e ademais faise tamén un uso case diario das redes sociais da Facultade (sobre todo, Facebook <https://www.facebook.com/FacultadeDereitoUSC/> e Twitter de xeito secundario @DereitoUSC). Neste senso, tense impulsado as comunicacións co PDI, PAS, alumnos, egresados, administracións, empregadores e demais grupos de interese.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Universidade de Santiago de Compostela dispón dun sistema de garantía de calidade formalmente establecido e implantado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación. O SGIC marco da USC busca propiciar a mellora continua nos centros, permitindo acadar niveis de calidade que faciliten a acreditación e a renovación dos títulos impartidos, de acordo co establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010, abrindo o camiño para a acreditación institucional dos centros de conformidade co establecido no RD 420/2015. Na actualidade o SGIC marco está deseñado segundo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices encadrados en 5 eixos, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha simplificación documental. Posteriormente, a Comisión de Calidade e Planificación aprobou o 3 de outubro de 2014 unha modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGC. Tamén neste 2018 aprobouse unha modificación que entrará en vigor en febreiro de 2019, e que afectará os SGICs dos centros.

Polo que se refire á Facultade de Dereito, no ano 2015 (23 de marzo) aprobouse a versión 2.0 do Manual simplificado do SGIC da Facultade de Dereito. A última versión (3.0), foi aprobada pola Xunta da Facultade de Dereito o 29 de marzo de 2016 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC o 13 de abril de 2016 (ambos documentos están dispoñibles na páxina web da Facultade (<http://www.usc.es/gl/centros/dereito/sjic.html>)). Anualmente, elaborase e apróbase a Memoria de Calidade do Centro, na que se recollen informacións sobre o seguimento do SGIC do Centro así como as accións de mellora asumidas a nivel de Facultade (dispoñibles no mesmo enlace).

Compre salientar que no pasado curso 2016/2017 comezou a redactarse o que hoxe constitúe o noso primeiro Plan estratéxico para a Facultade (2017/2020). A posta en marcha do proceso da súa elaboración foi iniciado polo Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico, na súa xuntanza de 19 de xaneiro de 2017, tralo acordo da Comisión de Docencia e Calidade do Centro. De cara a realización do diagnóstico estratéxico, e no marco da política de difusión do Plan, formuláronse dúas consultas previas, tanto ao Comité consultivo do Grao en Dereito como a Comisión académica do Programa de Doutoramento en Dereito. A proposta inicial do Plan foi aprobada polo Grupo de traballo

para a elaboración do Plan estratéxico o 14 de setembro de 2017. Entre o 14 de setembro e o 2 de outubro de 2017 fíxose a exposición pública, incluíndo comunicacións específicas aos grupos de interese do Centro: estudantes, profesores, PAS, egresados, comité consultivo do Grao en Dereito e empregadores (tanto do sector público como privado). Rematado o prazo para formular alegacións, o Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico, na súa xuntanza de 9 de outubro de 2017 valorou a alegación recibida e aprobou a versión definitiva do documento remitido á Comisión de Docencia e Calidade da Facultade. Dita redacción foi aprobada pola Comisión de Docencia e Calidade na súa xuntanza de 10 de outubro de 2017. As liñas estratéxicas que se definen e os obxectivos que as desenvolven están en liña co Plan Estratéxico da USC 2011/2020. Os obxectivos estratéxicos recollidos no epígrafe V. Identificación das liñas estratéxicas da Facultade de Dereito, serán obxecto de concreción na Programación Plurianual, e se completarán cos indicadores que permitan a medición da súa consecución.

O Plan foi informado positivamente pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC o 15 de outubro de 2017 e pola Xunta de Facultade de Dereito o 30 de novembro de 2017. A aprobación final tivo lugar pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno o 12 de decembro de 2017. A súa aprobación constitúe un fito que mostra unha vez máis o compromiso e a aposta decidida que pola Calidade se fai desde o centro desde finais do ano 2015.

Á marxe das melloras que se poidan acometer nos vindeiros meses, os procedementos establecidos na actualidade permiten recoller a información de xeito continuado, a análise dos seus resultados e a súa utilización para a mellora da calidade do título de Grao en Dereito (extensibles ao Dobre itinerario con Relacións Laborais e Recursos Humanos).

Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado, desenvolvéronse de acordo ao establecido, salientándose unha vez máis o impacto positivo que está a ter na calidade da ensinanza o sistema de coordinación establecido en tempos recentes, xa recollido en epígrafes anteriores. A propósito dos procedementos de avaliación, unha reflexión individualizada merecese a porcentaxe de participación nestes procedementos, tal e como se desprende do *INF: 13 informe de enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (curso 2016/2017)* ou do *INF: 14 Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (2016/2017)*. Mentres que no caso dos alumnos, acádase unha participación do 25,53%, no dos docentes mellórase ata o 35,42%. As porcentaxes teñen mellorado con carácter xeral, malia a que o sistema de enquisa telemática continua a ser cuestionada entre os grupos de interese. Para combater a baixa participación, continúanse a facer tarefas de difusión (correo electrónico ou redes sociais) nas que se lembra aos destinatarios o período para a realización destas enquisas.

A satisfacción derivada dos programas de mobilidade así como de realización de prácticas externas é alta. Así, no IN15G-PC-08 recóllese unha satisfacción de 3.78 dos nosos estudantes saíntes, mentres que no caso das prácticas externas, son excelentemente valoradas tanto polos estudantes (4.49, vid IN19G-PC-09), como polos titores profesionais (4.40, vid IN20G-PC-09) e académicos (4.8, vid IN21G-PC-09). Finalmente destacamos tamén o grao de satisfacción xeral dos nosos egresados coa titulación (3.20, vid IN42G-S01-PM-01), do alumnado coa docencia recibida (3.88, vid IN46G-S01-PM-01) e do propio profesorado coa docencia impartida (3.97, vid IN47G-S01-PM-01).

Ao igual que sucede cos procedementos de avaliación e mellora da calidade, as suxestións e reclamacións desenvolvéronse de acordo ao establecido. Cuantitativamente, de acordo co *Informe sobre os recursos administrativos e reclamacións rexistrados na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR)* correspondente á titulación de Grao en Dereito, resolvéronse 8 recursos polo centro, estimándose un no proceso PXA3 (Proceso de matriculación) e outro no proceso PXA7 (Proceso De Adaptacións, Validacións e Recoñecementos). O número de recursos totais ascendeu a 16, dos que 12 foron relativos á titulación de Grao en Dereito. De xeito desglosado, deses 12, as causas e a relación numérica é a que segue:

- Modificación de Matrícula 1
- Anulación de Matrícula 1

- | | |
|--------------------------------|---|
| • Convocatoria Fin de Carreira | 1 |
| • Recoñecemento de Estudos | 4 |
| • Revisión de Cualificacións | 2 |
| • Dispensa Asistencia a Clase | 3 |

En canto ao resultado final, 8 foron desestimados, 2 estimados, 1 estimado parcialmente e 1 inadmitido a trámite.

No apartado de queixas e suxestións, a cifra ascende a 8 en todo o centro, das que 6 se corresponden co Grao en Dereito. De xeito desglosado, as causas e relación numérica é a que segue:

- | | |
|-------------------|---|
| • Bibliotecas | 2 |
| • Docencia | 2 |
| • Notas por Móbil | 1 |
| • Varios | 1 |

En canto ao resultado final, 2 foron estimadas, 2 desestimadas e 2 arquivadas.

En calquera caso, trátase dunha cifra de reclamacións, queixas e suxestións moi baixa atendendo ao volume de estudantado do centro. Ademais, destácase tamén a instalación dunha caixa de correo de “Queixas, suxestións e parabéns” na Facultade, no que ata a o momento non se ten rexistrado actividade. A través desta Caixa de correo, situado na planta baixa da Facultade ao carón de Conserxería, búscase unha canle de comunicación áxil e anónima (se así o desexa o depositante de queixas, suxestións e parabéns), que sirva para coñecer a opinión do noso estudantado e demais grupos de interese que participan na vida do noso centro.

Por último debe facerse referencia ao *INF. 9 Informe da enquisa de satisfacción dos egresados*, posto que nel se deixa patente que para o caso de reclamacións formuladas ante a Dirección ou Decanato do Centro, a media de satisfacción dos estudantes egresados de Dereito é substancialmente máis elevada (3,36) que a media global da USC (2,67).

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao en Dereito ten renovado a súa acreditación no ano 2016. De acordo co *Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación*, de 29 de xuño de 2016, eran preciso unha serie de accións de mellora de obrigado cumprimento no ámbito do Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade (AM-04) que se sumaban a entón AM 4 do Informe de renovación da acreditación e da AM 6 da Memoria de Calidade do Centro. Malia a que o establecemento dun sistema de enquisas presenciais que mellorase o grado de participación dos grupos de interese non foi posible, o certo é que todos os mecanismos arbitrados (análise das datas máis axeitadas para a realización das enquisas no marco dos periodos establecidos pola ACMP, a difusión das datas a través das redes sociais, nas aulas – cedendo

tempo para a súa realización- e xornada de presentación aos estudantes de novo ingreso – para sensibilizalos coa cultura de calidade do centro-, na pantalla do centro, etc), están a dar os seus froitos. Neste senso tense producido unha subida de máis de 4 puntos na porcentaxe de participación na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, acadándose o 25.53% no curso 2016/17, fronte ao 21.35% do curso inmediatamente anterior. Este dato ten sido valorado positivamente pola Comisión de Docencia e Calidade do Centro, posto que supón o cumprimento dunha das accións de mellora máis necesarias na titulación.

As demais accións de obrigado cumprimento enmarcábanse no Criterio 1. Organización e desenvolvemento. Tal e como se recolle no apartado relativo ás accións de mellora, a AM-01 tense executado eficazmente (sendo unha AM continuada), posto que en cada curso estanse a revisar as guías docentes para verificar o seu axuste á memoria verificada. A maiores, neste informe incorpóranse modificacións menores relativas a este aspecto, de xeito tal que unha serie de materias teñen optado por modificar as porcentaxes dos sistemas de avaliación tralos anos de implantación do título. Dando cumprimento a AM-02, cada curso académico désígnanse coordinadores de curso por cada semestre, encargados de convocar dúas reunións cos docentes do curso que coordinan, emitíndose informes destinados a debater e analizar as posibles incidencias (tales informes son elevados tamén á Comisión de Docencia e Calidade). Finalmente, a AM-03, relativa á inclusión do axuste das prazas ofertadas e as contidas na memoria verificada continúa a executar. De feito, a Xunta da Facultade de Dereito aprobou as 240 prazas de novo ingreso que figuran na Memoria verificada de cara ao vindeiro curso académico 2018/2019. Sen embargo, o Consello de Goberno da USC ten rexeitado esta adecuación do número de prazas realmente ofertadas ás previstas na Memoria verificada, o que exixirá un novo debate do centro acerca da conveniencia de continuar a loitar por conseguir aumentar o número de prazas ou modificar a Memoria verificada neste senso. A opción pola que aposta o centro continúa a ser a primeira, posto que somos a primeira titulación en estudos xurídicos no SUG e queremos continuar a selo.

Polo que se refire ás accións de mellora para dar resposta ás recomendacións, todas elas foron e/ou continúan a ser executadas eficazmente. Polo que se refire ao Criterio 3. SGC, o pasado ano 2017 aprobouse o primeiro Plan estratéxico para a Facultade de Dereito (2017/2020) e na actualidade está en fase de redacción a Programación plurianual que o desenvolve. En relación co Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento, creouse o Comité Consultivo (constituído o 14 de setembro de 2016 e que opera sobre a base de dúas reunións presenciais por curso), o que facilita manter o contacto cos empregadores para recoller as demandas do mercado laboral, e tamén comezase a executar un estudo sobre a ordenación temporal das materias a través dunha Comisión de estudo (creada por acordo da Comisión permanente de 20 de febreiro de 2018).

Tal e como se colixe das accións de mellora recollidas neste documento, o bo funcionamento do SGIC manifesta a existencia xa case consolidada da cultura de calidade do centro e do compromiso coa mellora continua da titulación.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

De acordo co Sistema marco de Garantía da Calidade, o sistema debería ser revisado e actualizado polo menos cada tres anos ou sempre que se produzan cambios na organización e/ou actividades do Centro, nas normas que lle afecten, ou como consecuencia de resultados de avaliacións ou revisións do SGIC.

No presente ano 2018 tense aprobado unha reforma do sistema da USC que entrará en vigor en febreiro de 2019 e que requirirá unha nova adaptación do SGIC do centro. A *ratio* da reforma non é outra que a revisión e simplificación documental, determinando a supresión do Manual extenso, así como a supresión de procesos e procedementos obsoletos (os documentos atópanse neste enlace: <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/sgic.html>) .

Tal e como se reflectiu no apartado anterior, o bo funcionamento do SGIC deriva en plans de mellora cuxas accións acadan un altísimo nivel de eficacia. A labor da Comisión de Docencia e Calidade do centro neste senso é encomiable, cunha alta periodicidade nas súas xuntanzas; asemade, neste momento o Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico, que xa ten cumprido o seu mandato inicial por delegación da propia Comisión, ten extendido a súa labor para a preparación do borrador da Programación Plurianual que da execución ao Plan estratéxico. Agárdase que neste 2018 o documento final sexa aprobado.

Os grupos de interese (estudantes, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, membros do comité consultivo, etc.) participan activamente na planificación das accións de mellora nos seus respectivos ámbitos de interese. Unha boa mostra a constitúe a Consulta sobre as accións de mellora que se fai ao Comité consultivo anualmente desde a súa constitución (vid AAMM).

As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade no centro que procura a mellora continua da titulación do Grao en Dereito (e por conexidade, tamén do dobre itinerario con Relacións laborais e Recursos Humanos). Preténdese que a Facultade de Dereito da USC sexa un referente tanto no SUG como no conxunto do sistema universitario español.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- O profesorado que participa na impartición do Grao de Dereito conta coa cualificación docente e investigadora esixida, tanto o PDI con vinculación contractual como funcional. Como se mostra na documentación proporcionada, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título é do 93.75% no curso 2016/2017, fronte ao 44,83% do curso de implantación do Grao (2010/2011). Así mesmo, a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total actual é do 89.36%, mentres que a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total é do 61.70% -explicable en boa medida pola medida de conxelación do emprego público experimentada neste anos-. Nesta liña de valoración da experiencia docente e investigadora, é especialmente salientable o dato de que os 94 profesores que impartiron docencia no centro no curso obxecto de seguimento, sumen 209 sexenios e 351 quinquenios (E15. Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado). Atendendo a mesma fonte (E15), a distribución por categorías de novo reflicten o descenso de PDI funcionario, causado pola falta de oferta de emprego público (24 catedráticos e 34 titulares).
- O perfil académico dos profesores asignados ao primeiro curso de Grao é perfectamente axeitado, atendendo ás evidencias sinaladas. O perfil é igualmente axeitado nos demais cursos do Grao, dato avalado polo grao de satisfacción coa docencia impartida (3.97 sobre 5, a puntuación máis alta acadada desde a implantación do Grao. Vid IN47G-S01-PM-01, onde se aprecia que nos cursos 2013/14, a puntuación foi de 3.86, no curso 2014/15 de 3.84, e no curso 2015/16 de 3.83).
- A coordinación de prácticas externas curriculares (convalidables por créditos optativos) recae na Vicedecana de Organización Académica, persoa de perfil académico solvente.
- Do mesmo xeito sucede en relación cos docentes titores de TFG: son os departamentos os que propoñen, en función das liñas de investigación dos docentes, unha listaxe de titores (PDI) por liña temática; logo de ser debidamente convocados, os alumnos proceden á selección de titor/liña de traballo, de acordo cos procedementos establecidos na normativa aplicable (vid normativa de centro *ad hoc*, o novo Regulamento de TFG da Facultade de Dereito).

- Na titulación de Grao en Dereito, a *ratio* de estudantes pro profesor a tempo completo (IN30G-PS-01), a media de alumnos por grupo de teoría (IN31G-PS-01) e a media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32G-PS01) desvíanse de forma significativa da media da Universidade, o que tradúcese nunha sobrecarga de traballo para o PDI, ao soportar grupos de docencia maiores que, en ocasións, dobran a media da USC. Dados os mecanismos de corrección establecidos a custo cero (i.e., redución de grupos de docencia expositiva e interactiva), pode afirmarse que o profesorado é suficiente para desenvolver a súas funcións e atender aos estudantes (vid Indicador IN30G-PS-01, *Ratio de estudantes por profesor a tempo completo*, que evoluciona do 13,24% do curso 2010/11 ao 11,33% no curso 2015/2016). As peculiaridades xa sinaladas en relación co elevado número de alumnos que accederon á titulación nos primeiros cursos de posta en marcha do título, súmase na práctica outro elemento de distorsión: os alumnos repetidores. Estes alumnos non computan como tales aos efectos de reivindicar maior número de docentes para satisfacer a súa necesidades e cumprir así co disposto na Memoria, o que motivou a mencionada redución de grupos de docencia tanto expositiva como interactiva, así como a supresión das titorías en grupo reducido (mantéñense as titorías prestadas a nivel individual por cada un dos docentes). En consecuencia, as cifras de alumnos manexadas na Memoria referidas a docencia expositiva, interactiva e titorías son, de momento, inviables. Agora ben, sí se acadou rebaixar notablemente a media de alumnos por grupo de teoría de 104,67 (2010/11) a 73,62 (2016/2017); pola contra, a media de alumnos en docencia interactiva situouse en 33,13 no ano 2011/2012 e agora sitúase no 38,86 no curso de medición.
- A Universidade de Santiago de Compostela ofrece, a través do Plan de Formación e Innovación Docente (PFID), oportunidades de formación docente a través da celebración de diversos cursos. Algúns destes están especialmente enfocados aos docentes da Facultade (<http://www.usc.es/es/servizos/pfid/>). Merece destacar a existencia de 14 Grupos de Innovación Docente na propia facultade (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/gruinodoc/lisgruinodoc.html>), así como a organización por parte do Vicedecanato de Calidade e Infraestruturas do curso de inglés xurídico no marco do PFID, de grande éxito en todas as convocatorias e que nestes momentos está orientado na súa IV edición á consecución dun nivel C1 de acordo co MCR de linguas. Este curso inclúese como acción de mellora de execución continua, sendo asumido o seu financiamento pola propia Facultade de Dereito. Saliéntase o incremento notable na porcentaxe de participación do PDI do Grao en Cursos de formación, situándose no 34% neste curso 2016/2017 fronte ao 13.1% do curso inmediatamente anterior.
- Á marxe de outros programas de mobilidade (convocatorias estatais e europeas), o profesorado da Facultade participou e participa nos programas de mobilidade xestionados pola USC (Erasmus docente, convenios bilaterais, etc.), seguindo os calendarios e convocatorias establecidos pola propia Universidade no seu portal da Oficina de Relacións Exteriores: http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/erasmus/pdi_outgoing.html. Valoramos moi positivamente neste apartado o feito de que tal participación se realizara de xeito ininterrompido en todos os cursos académicos (vid I. 10 *Porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título*)
- Dada a crise económica e a situación de déficit crónico da Universidade de Santiago de Compostela, non se produciu a incorporación dos 25 docentes que se estimaban necesarios polos Departamentos para a exacta implantación do Grao en Dereito. Dada a falta de dotación de prazas, tivéronse que practicar as readaptacións xa sinaladas, sen que iso repercuta na calidade da docencia e dedicación ao alumnado. De feito, o *IN46G-S01-PM-01 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida*, curso académico 2016/2017, avala este dato, ao darse a valoración media máis alta (ascendendo ao 3.88 sobre 5).

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se

incluíron na memoria verificada.

- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- O persoal de administración e servizos que desenvolve a súa labor na Facultade de Dereito é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o PDI e estudantes. Con todo, do mesmo xeito que sucede no caso do PDI, sufriron recortes nos últimos anos. De acordo coa *E-16-Información sobre ou persoal de apoio*, o Centro conta con 14 PAS, se ben non todos prestan servizo directo ao Grao en Dereito (sucede cos destinados no CEDE, un xefe de negociado destinado na Escola de Práctica Xurídica ou no Negociado de Criminoloxía, por exemplo). Destácase a antigüidade no posto e na escala, superior aos 8 anos excepto en dous casos.
- Todo o PAS conta co nivel de cualificación esixido. Aínda que, faise constar que o proceso de selección do persoal de administración e servizos, así como o seu destino, non é competencia do Centro, polo que tampouco procede valorar a contratación e mellora do persoal de apoio máis aló da reivindicación de PAS que alixeire a excesiva carga de traballo de xestión que na actualidade é asumida polo PDI.
- A Universidade de Santiago de Compostela ofrece oportunidades aos membros do PAS para actualizarse e continuar coa súa formación. Na práctica, tradúcese nos niveis de participación en cursos recollidos no documento *Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación*. Especialmente salientable é o alto índice de participación do curso 2016/17 (42.9%), o que demostra o grao de implicación coa formación continua do noso persoal de administración e servizos. Así mesmo, o *Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos* no curso 2016/2017 revela que a media de satisfacción do PAS do Centro co seu traballo é dun 4.25, considerando que as súas funcións e responsabilidades están ben definidas (3,5), que o sistema de repartición de cargas de traballo é axeitado (3,5), no que se destaca o sentimento de pertenza a un grupo de traballo (4) e a facilidade para expresar as súas opinións no lugar de traballo (3,75).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- As infraestruturas son satisfactorias, posto que se finalizou o proceso de adaptación dos espazos docentes ás necesidades de interactividade do título (habilitándose 5 das antigas aulas coas que contaban as áreas de Dereito Civil, Dereito Penal, Economía Política, Historia do Dereito e Filosofía do Dereito), ampliándose o aulario coas novas Aulas 12, 13, 14 e 15. As restantes aulas adaptáronse na medida na que a estrutura do edificio o permitiu, equipándose con tomas de corrente e mellorando a cobertura da rede wifi; existe unha ampla sala de estudo/lectura con extenso horario de apertura nas épocas próximas á realización de exames e manuais e textos de consulta; aula con computadores; etc. Tamén se procedeu a equipar á facultade cunha Sala para Videoconferencias. Recentemente tense dotado á Sala de Lectura con puntos de conexión á rede eléctrica, para facilitar a conexión de ordenadores, así como a instalación de ordenadores fixos nas aulas ou a renovación de proxectores e demais equipamento. Instaurouse tamén un servizo de préstamo de ordenadores portátiles para os estudantes. Máis información sobre as aulas da Facultade atópase na web: http://www.usc.es/gl/centros/dereito/horario_aulas.html.

- A Facultade de Dereito conta coa Biblioteca Concepción Arenal nas súas proximidades, cunha superficie 7.410 m² na que se pon a disposición dos seus usuarios as seguintes salas: Salas de lectura (3 andares inferiores): 1.030 postos de lectura; Sala de Traballo en grupo con 30 postos; 2 Salas de Formación con 60 postos; Salas de Investigación (2 andares superiores): 75 postos individualizados; Depósito: Con fondo antigo (obras desde o século XVI).
- En canto ao equipamento do que tamén dispoñen os alumnos de Dereito, sinalase o seguinte
 - Nº de Escáner : 1
 - Nº de PCs para consulta do catálogo da BUSC: 7
 - Nº de PCs para consulta de bases de datos e Internet: 2
 - Nº de portátiles en préstamo: 11
 - Nº de Fotocopiadoras: 3
 - Nº de Lector-reprodutor de microformas: 2
- A Biblioteca “Concepción Arenal” -que forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC)- reúne os recursos bibliográficos indispensables na rama de coñecemento xurídica (vide Inf.2. Informe sobre recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria). Os fondos bibliográficos están diferenciados en libros de alumnos, manuais de apoio á docencia fundamentalmente, e libros de investigación. Na Sala de Lectura dos tres andares inferiores da biblioteca están depositados os manuais e a bibliografía recomendada aos estudantes, en libre acceso. O resto do fondo bibliográfico está situado nos dous andares superiores, onde se atopan as obras de investigación, tamén en libre acceso, agás o fondo antigo (anterior a 1940). Na Hemeroteca poden consultarse os números dos últimos anos dos títulos de revistas que se reciben en papel e, ademais, a través dos computadores, poden consultarse as revistas electrónicas e bases de datos. As coleccións da Biblioteca comprenden 176.890 volumes de monografías e 5.134 títulos de revistas en papel das cales 523 recibense periodicamente (dic. 2014). A participación da BUSC no Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGALICIA), permite o acceso desde a rede da USC aos principais títulos de revistas e bases de datos científicas. Como no resto dos puntos de servizo da Biblioteca Universitaria, ofértanselle aos seus usuarios servizos de consulta en sala, préstamo a domicilio, intercampus e interbibliotecario, fotodocumentación, acceso á colección electrónica, información bibliográfica e formación de usuarios no uso e aproveitamento dos recursos documentais e do propio servizo bibliotecario.
- A través da páxina web da biblioteca (<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/>) ofrécese ampla información sobre a BUSC e pódese acceder ao catálogo automatizado, repositorio *Minerva*, préstamo de libros electrónicos *PreLo*, coleccións dixitais e outros servizos vía web. Desde hai varios anos, a Biblioteca Concepción Arenal (<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/conarenal/>) está presente ademais nas redes sociais a través do blogue *Fonte Limpia*, *Facebook*, *Google+*, *Issuu*, *Pinterest* o *Flickr*.
- No capítulo de persoal, a biblioteca conta cun cadro de persoal integrado por 18 persoas, que se ocupan de que os usuarios reciban a atención e os recursos que precisan. O horario de apertura habitual é de luns a venres, de 8.30 h a 21.30 h, e de 10 a 19.30 en sábados, domingos e festivos de todo o ano. Ademais, en datas de exames, a Biblioteca Concepción Arenal oferta un horario extraordinario ata as 3.00 h, e de 24 horas, incluídos os sábados, domingos e festivos.
- O uso da Biblioteca e os seus recursos permite o acceso a información moi diversa, desde obras xerais ata manuais especializados, permitindo ao estudante familiarizarse coa rica produción científica tal e como se ofrece á sociedade en xeral, e á comunidade académica en particular. A biblioteca é unha ferramenta de apoio fundamental nas seguintes materias e metodoloxías de ensino-aprendizaxe do Grao/Máster en Dereito, así como para a adquisición de competencias relacionadas coa procura, selección de información e discriminación de datos, sempre complementada co uso das TIC.
- A biblioteca conta con rede wifi en todas as instalacións e todos os postos de lectura están dotados de conexións á rede eléctrica.
- A Universidade de Santiago de Compostela conta cunha extensa rede inalámbrica que da cobertura á totalidade

dos edificios dos Campus de Santiago de Compostela e Lugo. Esta rede está constituída por máis de 800 puntos de acceso en máis de 100 edificios, configurando unha das redes inalámbrica máis extensas de Galicia. Proporciona servizos como EDUROAM (para PDI, PAS e Alumnos), tanto dentro da USC así como os membros doutras universidades europeas que estean adheridos á iniciativa eduroam.

- Ademais, é posible acceder aos recursos electrónicos que ofrece a BUSC desde fóra do dominio USC é a través do servizo de proxy autenticado da USC. Este servizo é só para usuarios autorizados: PDI, PAS e Investigadores. Nas propias instalacións da Facultade sitúase o Centro de Estudos e Documentación Europea (<http://www.usc.es/es/servizos/cede/>), centro de xestión de coñecemento ao servizo da comunidade universitaria, que tamén forma parte da Red Europe Direct.
- Tal e como se sinalaba na Memoria, tanto o edificio da Facultade de Dereito como o da Biblioteca Universitaria “Concepción Arenal” áchanse plenamente adaptados ás necesidades das persoas con problemas de mobilidade, dispoñendo de accesos practicables para as mesmas a todos os seus espazos. Incorporouse un desfibrilador en cada centro (uso por persoal debidamente formado dos dous centros) e a finais de decembro de 2015 procedeuse á instalación de portas automáticas que melloran non só a accesibilidade senón tamén a eficiencia enerxética do edificio (teña en conta que a Facultade participa activamente no Plan de Desenvolvemento Sostible da USC (<http://www.usc.es/plands/>). Existen puntos verdes e de reciclaxe nas instalacións. En aras desa eficiencia enerxética, nestes momentos, a Biblioteca está cambiando gran parte da súa instalación lumínica, por pantallas de tipo led, dada a amplitude horaria que mantén o Servizo.
- Tal e como se xustificou, os fondos bibliográficos e demais recursos docentes son suficientes e están debidamente actualizados. Ademais, a subscrición a bases de datos de lexislación e xurisprudencia, garanten a actualidade e accesibilidade de información relevante aos nosos alumnos, PDI e PAS. Por último, existe a ferramenta do Campus Virtual, ferramenta que da soporte aos procesos de ensino- aprendizaxe desenvolvidos na Universidade de Santiago de Compostela. A plataforma institucional, baseada en Moodle, proporciona unha contorna educativa virtual a través do cal se logra unha boa integración na docencia e favorécese o proceso de aprendizaxe (<https://cv.usc.es/>).
- Nos últimos anos, e a pesar da conxuntura económica desfavorable, acometéronse obras de adaptación e mellora das instalacións, en ocasións financiadas a través de accións de mellora da propia Universidade e noutras, a través da captación de recursos externos por parte do centro. As salas polivalentes creáronse as aulas seminario, dotado adecuadamente (ambas mencionadas na Memoria). A consecución dos obxectivos especificados na Memoria é absoluta.
- O Centro carece de servizos propios de orientación académica e orientación profesional. Estes servizos son prestados con carácter xeral pola propia Universidade de Santiago de Compostela a través de distintas oficinas tales como a OIU (<http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/>, sen prexuízo de que desde o Decanato da Facultade e desde a Conserxería aténdanse a certas demandas de información por parte dos alumnos. É relativamente frecuente que os alumnos acudan a profesores/ titores/ coordinadores en procura de orientación non só académica, senón tamén profesional, polo que no Plan estratéxico 2017/2020 téñense contemplado actuacións ao respecto (creación dun programa de orientación para estudantes de novo ingreso e un programa *mentoring* con titores académicos da Facultade – vid Liña estratéxica 1 do PE 2017/2020). Por iso, desde o Decanato trabállase na celebración de xornadas de orientación laboral e emprego – que na actualidade están transcorrendo pola súa terceira edición (vid Accións de Mellora – AM-10.3A). Este tipo de eventos súmanse ás actividades desenvolvidas en por a área de Orientación Laboral da USC (<http://www.usc.es/es/servizos/saee/aol/>).
- Os servizos de atención ao estudante tamén son competencia xeral da Universidade de Santiago de Compostela, sen prexuízo das actuacións particulares por parte do PDI e PAS da Facultade de Dereito.
- Polo que se refire aos programas de acollida e apoio, na primeira semana do curso en setembro tivo lugar unha “Xornada de benvida para o alumnado de primeiro curso do Grao en Dereito e do Dobre itinerario en Dereito e Relacións laborais e Recursos humanos” (14 de setembro de 2016). Ademais, dentro do programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”, a Facultade recibiu a visita de alumnos de bacharelato – potenciais estudantes da

Facultade. Neste marco tamén se destaca o Programa de tutores, a través do cal alumnos de cursos superiores realizan titorizacións dos alumnos recen chegados (14 estudantes solicitaron ser incluídos no programa para as 4 prazas ofertadas).

- A modalidade de impartición é presencial, polo que reiteramos de novo o referido á adecuación dos recursos materiais/ infraestruturas.
- Existe a posibilidade de cursar Prácticas externas curriculares convalidables por créditos de carácter optativo. Ditas prácticas realízanse en institucións de prestixio (asesorías xurídicas, Avogacía do Estado, Concellos, Deputacións, Notarías, Rexistros, etc), por iso é polo que se presuma a adecuación de tales institucións para a adquisición das competencias necesarias. En este campo, o grao de satisfacción coas prácticas externas durante a titulación é dun 3.74, tal e como se recolle no INF 09. Sobre satisfacción de egresados (ítem “Se realizaches prácticas externas durante a titulación, indica en que grao consideras que completaron a túa formación”).
- Compre salientar tamén que o Grao de satisfacción dos egresados cos servizos (IN33G-PS-03) é alto, situándose no 3.61.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Os resultados de aprendizaxe acadados polos Graduados en Dereito son coherentes co perfil de egreso, satisfán os obxectivos do programa formativo e correspóndense co nivel do MECES da titulación, de tal xeito que os graduados acadan as competencias básicas, xerais e específicas, previstas na Memoria. Neste sentido, non se produciron cambios que afecten ao perfil de egreso.
- As actividades académicas desenvólvense seguindo os distintos períodos previstos na programación académica anual da Universidade de Santiago de Compostela (PDA, POD, calendarios de clases e exames, etc).
- As actividades de ensino/aprendizaxe e de avaliación apóianse en boa medida no Campus Virtual da USC, que, xestionado polo Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA) da Universidade, ofrece recursos docentes en internet e un soporte para cursos virtuais que veñen utilizando, con carácter cada vez máis xeneralizado, como recurso de apoio para a docencia (*vid supra* o disposto en materia de recursos materiais e servizos - Criterio 5). Con carácter xeral, as guías docentes, elaboradas anualmente polos profesores para cada unha das materias, son as encargadas de establecer os obxectivos, contidos da materia (programas debidamente actualizados), competencias a adquirir, metodoloxía, bibliografía recomendada, recomendacións para o estudo da materia así como o sistema de avaliación e a valoración de cada unha das actividades realizadas polo estudante, para outorgar a cualificación final. Esta información recóllese na web de modo individualizado para cada materia. O INF 15. *Informe de cualificacións das materias do plan de estudos* reflicte, con carácter xeral, como os alumnos obteñen cualificacións máis baixas en materias de primeiro curso (debido ás dificultades de adaptación inherentes á incorporación a unha institución universitaria, tanto desde a perspectiva de esixencias académicas como persoais -segundo o INF 16. *Informe de procedencia xeográfica*, dos 968 alumnos do curso 2016/2017, 954 declaran proceder de toda a Comunidade Autónoma, e 143 da cidade de Santiago de Compostela). As cualificacións son, de novo con carácter xeral, máis elevadas nos cursos superiores. En consonancia co exposto, a taxa de éxito é globalmente alta en todas as materias, coas excepcións de tres asignaturas de primeiro curso: Dereito romano- Introducción histórica e procesual, Dereito Romano- Sucesión hereditaria e obrigas e Dereitos reais (INF.17 Informe acreditación de taxa de éxito das materias do plan de estudos.
- Tal e como se ten posto de manifesto ao longo destes anos, existe unha queixa xeneralizada sobre a ubicación temporal da materia de Dereitos reais. Precisamente, a Comisión de estudo abordará esta e outras cuestións para solicitar unha modificación do plan de estudos.

- Os indicadores confirman que as taxas de rendemento e de éxito máis baixas atópanse no primeiro ano dos estudos, acadando porcentaxes altas nos tres restantes. Polo tanto, á vista dos indicadores IN34G-S01-PM-1 (69.71% fronte ao 67.30% do curso anterior) e IN35G-S01-PM-1 (84.99% fronte ao 84.01% anterior), pode colexirse a valoración positiva dos resultados da aprendizaxe.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Tal e como se puxo de manifesto ao comezo deste Informe, a demanda da titulación de Graduado en Dereito é moi alta, con 798 solicitudes de admisión (fonte CIUG), comentario extensible tamén ao Dobre itinerario con Relacións Laborais e Recursos Humanos (176 solicitudes de matrícula, fonte CIUG).
A porcentaxe de estudantes que acceden as dúas titulacións teñen nota media igual ou superior a 6 no 100% dos casos (por exemplo, IN07G-PC-05).
A interese da titulación circunscríbese na meirande parte ao mercado galego, afirmación confirmada polos datos de que tan só o 0.93% dos estudantes do Grao en Dereito son estranxeiros, alcanzándose o 1.45% no caso dos estudantes de fóra de Galicia. No caso do Dobre itinerario, no curso 2016/2017 rexístrase por primeira vez a matrícula de estudantes nacionais de fóra de Galicia (2.70%, IN09G-PC-05 *Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados*).
- Polo que se refire aos restantes indicadores de resultados, salientamos os seguintes con respecto ao Grao en Dereito:
 - A taxa de rendemento ten experimentado unha lixeira melloría con respecto ao curso anterior, situándose no 69.71 % (fronte ao 67.30%)
 - A taxa de éxito sitúase, de xeito similar, no 84.99%, unhas décimas máis que no curso precedente.
 - De novo, a taxa de avaliación experimenta unhas porcentaxes similares ao do curso pasado, evolucionando do 80.11% ao 82.02%
 - Uns dos datos máis positivos é a subida da taxa de graduación. Aínda que na memoria verificada estaba prevista unha taxa dun 40% (ao que nunca se chegou), no curso pasado foi dun 48.88%. O dato non é todo o positivo que se pode esperar, polo que tamén será unha das cuestións a abordar por parte de Comisión de estudo recentemente creada.
 - A duración media dos estudos de Grao en Dereito sitúase nos 4.81 anos, por debaixo dos 4.97 da media da USC.
 - A taxa de abandono é outro dos aspectos preocupantes desde a perspectiva da Comisión de Docencia e Calidade e da Xunta do Centro. De acordo cos indicadores IN40G-S01-PM-01 e IN41G-S01-PM-01, alcanzan o 13.79 durante o primeiro curso e o 24.16 por referencia ao RD 1393/2007. Trátanse de resultados preocupantes sobre os que se debe actuar (será outro aspecto a considerar pola Comisión de estudo).
- Con respecto ao Dobre itinerario en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos, por referencia aos indicadores xa dispoñibles aprécianse algúns datos que deben ser obxecto de seguimento especial, xa que de continuar a tendencia haberá que plantexar unha acción de mellora ao respecto:

- A taxa de rendemento ten baixado do 85.48% ao 80.90% no curso 2016/2017.
- A taxa de éxito tamén experimentou unha lixeira baixada do 92.17% ao 89.44%.
- O mesmo descenso é predicable da taxa de avaliación, pasando do 92.74% ao 90.45%.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Da información facilitada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e dos integrantes dos demais grupos de interese, son axeitados á titulación.
- Polo que se refire á satisfacción dos *estudantes*:
 - a. En relación cos programas de mobilidade, a satisfacción dos estudantes saíntes é elevada (3,78 IN15G-PC-08), ao igual que sucede no caso dos estudantes entrantes (3.78, IN16C-PC-08)
 - b. No caso das prácticas externas, o grao de satisfacción é moi relevante, posto que se alcanza o 4.49 (sobre 5), fronte ao 3.61 do curso anterior.
 - c. Os estudantes tamén mostran un alto grao de satisfacción coa docencia recibida, sendo esta dun 3.88 (a puntuación máis elevada no histórico recollido).
- Polo que se refire ao *PDI*, os indicadores confirman a tendencia dos últimos anos, tanto por relación ás actividades formativas desenvolvidas como por referencia a actividade docente. Salientamos a alta porcentaxe de PDI interesado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia (78.26%), así como en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral (91.30%). Ambas porcentaxes deixan patente o compromiso coa mellora da docencia que existe na Facultade (vid *INF 14. Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida*).
- No caso do *PAS*, reiteramos o xa recollido máis arriba. Existe un alto grao de satisfacción do noso persoal de administración e servizos tanto no referente a súa labor (4.25) como a súa participación nos plans de formación (onde se alcanza o 42.9%).
- Polo que se refire aos *egresados*, estes móstranse moi satisfeitos coa titulación (3.20 sobre 5), e a súa taxa de eficiencia mantense nunha porcentaxe alta (85.26%). Igual sucede coa taxa de éxito, situada no 90.90% no curso 2016/2017. Cabe subliñar que se confirma a tendencia a realización de prácticas en empresas, posto que o 48.75% dos nosos estudantes optan por cursar optatividade a través deste sistema. Por último, o grao de satisfacción dos egresados cos servizos ten baixado lixeiramente, desde o 3.83 do ano anterior ata o 3.61 do curso 2016/2017.
- Por último, *outro dos grupos de interese* cuxo análise resulta interesante é o dos titores de prácticas externas, por estar vinculados directamente como potenciais empregadores dos nosos titulados. A súa satisfacción coas prácticas externas alcanza o 4.40 no curso 2016/2017, fronte ao 3.98 do curso anterior. Unha selección de titores de prácticas externas están precisamente integrados no Comité consultivo do Grao en Dereito.
- En síntese, todos estes indicadores e informes facilitannos unha visión panorámica de indubidable interese. Estes son valorados en aras da consecución da mellora e revisión do noso plan de estudos.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adequación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Polo que se refire á inserción laboral dos Graduados e Gradúadas en Dereito (non existe cohorte de egresados no caso do Dobre itinerario con Relacións Laborais e Recursos Humanos), na cohorte de egresados correspondente ao curso 2013/2014 (a primeira), o *113. Resultados de inserción laboral* recolle os datos máis relevantes. Os nosos egresados, un ano despois de rematar os seus estudos (a 23 de marzo de 2015), no que se refire á modalidade contractual, indefinida ou temporal, repartíanse equitativamente (50% en cada un deles); a xornada laboral correspondíase cun tempo completo no 75% dos casos, e cun 25% de xornada a tempo parcial que ocupaba máis de media xornada. No grupo de cotización, o 50% atopábase no Universitario, o 25% no Medio, non manual, e o 25% no Baixo e manual.
Dous anos despois de egresar (o 23 de marzo de 2016), o 7.7% eran traballadores autónomos. No ámbito contractual, o 100% tiñan contrato temporal. No que se refire á xornada laboral, o 91.7% traballaban a tempo completo e o 8.3% a tempo parcial de menos dunha xornada. Agora ben, o grupo de cotización no 76.9% era Universitario e o 23.1% Baixo e manual.
- Debemos sinalar tamén que unha alta porcentaxe dos nosos egresados preparan oposición, o que retrasa ou limita o seu acceso ao mercado laboral.
- Para analizar estes datos, contaremos coa participación dos membros do Comité consultivo do Grao, quenes tamén asesoran na planificación das Xornadas sobre saídas laborais para Graduados en Dereito. O feito de que o plan de estudos se teña considerado axeitado para as necesidades do mercado laboral, non impide que destas reflexións se deriven cambios menores a ter en conta na futura programación da nosa titulación.

<u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	PDF
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502227_P.Ind_2016-2017
			2502227_INF.16_2016-2017
			2502227_INF.CiUG_2016-2017
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502227_P.Ind_2016-2017
			5025_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da	Web do Centro

		calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502227_P.Ind_2016-2017
			2502227_INF.04_2016-2017
			5025_INF.05_2016-2017
			2502227_INF.06_2016-2017
			2502227_INF.07_2016-2017
			2502227_INF.08_2016-2017
			2502227_INF.09_2016-2017
			2502227_INF.10_2016-2017
			5025_INF.11_2016-2017
			2502227_INF.13_2016-2017
			2502227_INF.14_2016-2017
			5025_INF.21_2016-2017
			2502227_INF.22_2016-2017
2502227_INF.23_2016-2017			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502227_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502227_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5025_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterios 3 e 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5025_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5025_I6-I7_2016-2017
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502227_INF.13_2016-2017
			2502227_INF.14_2016-2017
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de	5025_I10_2016-2017

		mobilidade sobre o total de profesorado do título)	
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2502227_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502227_P.Ind_2016-2017
			2502227_INF.17_2016-2017
			2502227_INF.18_2016-2017
			2502227_INF.19_2016-2017
			5025_SIIU_2016-2017
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502227_P.Ind_2016-2017
			2502227_INF.CIUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502227_EIL-SIIU_2016-2017

MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
<p>I. Sistemas de avaliación: Incluír as seguintes porcentaxes no sistema do de avaliación das materias:</p> <ul style="list-style-type: none"> • G3161446. Idioma estranxeiro técnico xurídico I (Lingua inglesa): 80/20 • G3161V01. Dereito do traballo: 80/20 • G3161331. Dereito administrativo III. Formas e medios da actividade administrativa: 80/20 • G3161225. Dereito administrativo I. Fundamentos de Dereito administrativo: 80/20 • G3161228. Dereito administrativo I. Instrumentos da actividade administrativa: 80/20 • G3161454. Medicina legal: 80/20 • G3161423. Dereito procesual civil I: 80/20 • G3161326. Organización xudicial e proceso: 80/20 • G3161V01. Dereito procesual penal: 80/20 	<p>I. Tras sete anos desde a implantación do Grao en Dereito, os profesores responsables das materias consideran máis oportunas outras porcentaxes nos sistemas de avaliación (teórica/ práctica).</p>

<ul style="list-style-type: none"> • G3161425. Dereito procesual civil II: 80/20 • G3161202. Institucións e Dereito da Unión europea: 70/30 (non se valorará a asistencia a clase de xeito separado) • G3161224. Dereito internacional público: 70/30 (non se valorará a asistencia a clase de xeito separado) • G3161105 - Teoría do Dereito: 80/20 • G3161426 - Filosofía do Dereito: 80/20 • G3161445 - Historia do Pensamentos Xurídico: 80/20 	
<p>II. Formación optativa</p>	<p>II. Eliminación da oferta de dúas materias optativas non implantadas (G3161449 Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico I (Lingua Italiana) e G3161453 Idioma Estranxeiro Técnico-Xurídico II (Lingua Italiana) e correspondente substitución por dúas materias optativas: Prácticas externas I e Prácticas externas II (pendente de tramitación no SXOPRA e ante o CG)</p>
<p>III. Linguas de impartición</p>	<p>III. En coherencia coa modificación anterior, deben retirarse como linguas de impartición o italiano.</p>

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-1 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Deficiencia detectada no proceso de renovación da acreditación.
Definición/ descrición proposta	Revisión polo profesorado das informacións recollidas nas guías docentes para garantir o cumprimento do disposto na Memoria verificada. AM de obrigado cumprimento na que se contemplan dúas tarefas, de acordo do disposto no Informe final de renovación da acreditación. A Comisión de Docencia e Calidade do Centro será o responsable de realizar o seguimento desta AM, aprobada pola propia Comisión na súa xuntanza de 23 de xuño de 2016 (executándose dende entón como AM permanente).
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 18/10/2017
Responsables	José Luis Quintela Botana
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Revisión das guías docentes para especificar, en liña coa memoria verificada, os sistemas de avaliación e distribución horaria nas guías docentes.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Ana M ^a Gude Fernández
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-1.1. Comprobación Nº. 1

Descrición Comprobación	<p>A Vicedecana de Organización Académica e o Xestor do centro levaron a cabo no mes de xullo unha labor de exame das guías docentes das distintas materias para comprobar o cumprimento da memoria verificada.</p> <p>A Comisión permanente da Facultade, na súa xuntanza de 10 de xullo de 2017, tamén coñeceu da cuestión no punto 3 da orde do día (3. Aprobación, se procede, da programación académica das materias do Grao en Dereito para o curso 2017-2018). (Arquivo: COMISIÓN PERMANENTE 10.07.2017.pdf)</p>
Data Comprobación	11/10/2017
Incidencias	Nalgunhas materias detectáronse desviacións, notificadas aos profesores para a súa corrección.
Axustes/Novas Tarefas	Insistírase na necesidade de cumprimento do disposto nas guías docentes e na memoria verificada.
Tarefa2	AM-1.2
Descrición tarefa	Comprobación e análise da información contida nas guías docentes e seu axuste á Memoria verificada.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Ana M ^a Gude Fernández; José Luis Quintela Botana
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-1.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Tarefa realizada pola Vicedecana de Organización Académica e o Xestor do Centro no mes de xullo de 2017, de cara ao curso 2017/2018.</p> <p>Tamén a cuestión foi abordada pola Comisión permanente da Xunta de Facultade na súa xuntanza de 10 de xullo de 2017. (Arquivo: COMISIÓN PERMANENTE 10.07.2017.pdf)</p>
Data	11/10/2017

Comprobación	
Incidencias	Apreciáronse certas desviacións puntuais comunicadas aos profesores responsables das materias.
Axustes/Novas Tarefas	Continuarase a insistir na necesidade de axuste entre as guías docentes e a Memoria verificada.

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Os mecanismos de coordinación existentes teñen mostrado algunha fraqueza posta de manifesto no Informe de renovación da acreditación.
Definición/ descrición proposta	Designación e nomeamento de coordinadores de curso pola Comisión de Docencia e Calidade do Centro, órgano encargado do seguimento desta AM aprobada en resposta ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación na súa xuntanza de 23 de xuño de 2016.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 18/10/2017
Responsables	Sonia Esperanza Rodríguez Boente
Comprobación Acción	AM-2
Descrición Comprobación	Vid tarefas.
Data Comprobación	18/10/2017
Incidencias	A Comisión de Docencia e Calidade na súa xuntanza de 10 de outubro de 2017 coñeceu dos informes de coordinación do curso 2016/2017.
Axustes/Novas Tarefas	Continuarse con esta AM.
Tarefa1	AM-2.1

Descrición tarefa	Nomeamento dun/dunha coordinadora de curso, por semestres, para axustarse aos períodos de docencia establecidos.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Sonia Esperanza Rodríguez Boente
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-2.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	A Comisión de Docencia e Calidade na súa xuntanza de 8 de setembro de 2016 procedeu ao nomeamento dos coordinadores para o curso 2016/2017. (Arquivo: Coordinación.pdf)
Data Comprobación	13/10/2017
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Continuarase con esta AM.
Tarefa2	AM-2.2
Descrición tarefa	Programación dun mínimo de dúas reunións de coordinación por curso, das cales se deriven informes a debater e analizar na Comisión de Docencia e Calidade da Facultade.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-2.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	As tarefas de coordinación comezaron cunha xuntanza dos coordinadores nomeados pola Comisión de Docencia e Calidade o 13 de outubro de 2016, na que se chegaron a acordos sobre os principais aspectos a tratar no curso.

	<p>Con posterioridade, os distintos coordinadores tanto no primeiro como no segundo semestre, procederon a convocar aos profesores do seu curso para informalos das principais cuestións e insistir nos aspectos máis relevantes (p.ex., a necesidade de respectar as guías docentes, evitar a sobrecarga dos alumnos nas semanas interactivas, etc).</p> <p>A reunión final de coordinación tivo lugar o 26 de xullo de 2017 e nela reflexionouse sobre os principais problemas detectados ao longo do curso. (Arquivo: Informes coordinación docente 2016_2017.pdf)</p>
Data Comprobación	13/10/2017
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Continuarase a traballar na mesma liña, fortalecendo as labores dos coordinadores e da coordinación.

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Desaxuste destacado no Informe de renovación da acreditación.
Definición/ descrición proposta	Inclusión do axuste entre as prazas ofertadas e as contidas na memoria verificada, cando se realice unha modificación da memoria. A Comisión de Docencia e Calidade será, no seu caso, o órgano responsable do seguimento.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 26/12/2017
Responsables	Gumersindo Guinarte Cabada
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Estudo da memoria verificada para iniciar o procedemento de modificación da mesma.
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	Ana M ^a Gude Fernández
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-3.1. Comprobación N^o. 1
Descrición Comprobación	A cuestión da modificación da memoria verificada foi abordada no seo do Comité consultivo do Grao en Dereito (como mostra se adxunta unha consulta feita aos membros do Comité). (Arquivo: Consulta Comité Consultivo 2016.pdf)
Data Comprobación	11/10/2017

Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	AM-3.1. Comprobación Nº. 2
Descrición Comprobación	Nos derradeiros meses estase a espera de que se confirme a implantación do Grao en Criminoloxía na Facultade de Dereito, o que parece que en principio afectaría ao número de prazas ofertadas para a titulación de Grao en Dereito. Neste contexto estase á espera da decisión final da Xunta de Galicia.
Data Comprobación	13/10/2017
Incidencias	Vide supra.
Axustes/Novas Tarefas	No caso de que se aprobe o Grao en Criminoloxía, o número de prazas de admisión no Grao en Dereito parece que sufriría unha modificación.
Comprobación Tarefa	AM-3.1. Comprobación Nº. 3
Descrición Comprobación	O equipo decanal plantéxase solicitar unha modificación en cuestións menores da memoria verificada no presente curso 2017/2018, no informe de seguimento do título de Grao en Dereito.
Data Comprobación	18/10/2017
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Comprobación Tarefa	AM-3.1. Comprobación Nº. 4
Descrición Comprobación	Informe favorable para a impartición do Grao en Criminoloxía cunha oferta de 50 prazas. (Arquivo: Envío verificación memoria

	Criminoloxía.pdf)
Data Comprobación	22/12/2017
Incidencias	Estase a espera de coñecer o impacto que pode ter esta oferta na oferta do Grao en Dereito.
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-4 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Necesidade de mellora destacada no Informe final de renovación da acreditación, xa recollida tamén na Memoria de Calidade do Centro 2014/2015 e no Informe de renovación da acreditación de 2016.
Definición/ descrición proposta	Necesidade de continuar coa difusión da cultura de calidade e participación dos grupos de interese no centro. A Comisión de Docencia e Calidade será o órgano responsable do seguimento.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 22/12/2017
Responsables	Marta Otero Crespo
Comprobación Acción	AM-4
Descrición Comprobación	Vide tarefas/subtarefas asociadas.
Data Comprobación	20/10/2017
Incidencias	A Comisión de Docencia e Calidade avaliará no curso 2017/2018 esta AM (a curso vencido).
Axustes/Novas Tarefas	Esta AM continuará a executarse no curso 2017/2018
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	Aumentar o grao de participación nas enquisas de avaliación.
Data prevista de	27/12/2016

finalización							
Responsable	Marta Otero Crespo						
Estado	Executada						
Comprobación Tarefa	AM-4.1. Comprobación Nº. 1						
Descrición Comprobación	Cuestión debatida no seo da Comisión de Docencia e Calidade do centro, por exemplo, na súa sesión de 8 de setembro de 2016. (Arquivo: 8.Acta Comisión Docencia y Calidad 08.09.2016_enquisas alumnos.docx)						
Data Comprobación	18/10/2017						
Incidencias	--						
Axustes/Novas Tarefas	--						
Comprobación Tarefa	AM-4.1. Comprobación Nº. 2						
Descrición Comprobación	<p>De acordo coa información subministrada pola ACMP a través de comunicación electrónica de 19/10/2017, o grao de participación nas enquisas de avaliación no Grao subiu no pasado curso 2016/2017 máis dun 4% con respecto ao curso anterior, e case nun 5% con respecto ao curso 2014/2015:</p> <table> <tr> <td>2014/2015</td> <td>20,90</td> </tr> <tr> <td>2015/2016</td> <td>21,35</td> </tr> <tr> <td>2016/2017</td> <td>25,53</td> </tr> </table>	2014/2015	20,90	2015/2016	21,35	2016/2017	25,53
2014/2015	20,90						
2015/2016	21,35						
2016/2017	25,53						
Data Comprobación	19/10/2017						
Incidencias	--						
Axustes/Novas Tarefas	Continuarase nesta liña.						
Sub Tarefa1	AM-4.1.A						

Descrición Sub tarefa	Continuar analizando as datas máis axeitadas para realizar as enquisas e a súa difusión así como analizar a evolución na participación.
Data prevista de finalización	27/12/2016
Persoa responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Executada
Comprobación Sub tarefa	AM-4.1.A. Comprobación Nº 1
Descrición Comprobación	Recibida a información do curso 2016/2017 (correo electrónico da ACMP de 19/10/2017), tense producido un incremento porcentual significativo na participación nas enquisas: 25,53% de participación.
Data Comprobación	20/10/2017
Incidencias	--
Axustes, Novas tarefas	--
Comprobación Sub tarefa	AM-4.1.A. Comprobación Nº 2
Descrición Comprobación	O equipo decanal analizou no seo das súas xuntanzas medidas para fomentar a participación (préstamos de portátiles, posta a disposición da Sala de informática, etc).
Data Comprobación	18/10/2017
Incidencias	Dificultade de acceso a certos datos estatísticos.
Axustes, Novas tarefas	Estase pendente de recibir información sobre a participación dos alumnos no curso 2016/2017.
Sub Tarefa2	AM-4.1.B
Descrición Sub	Facilitar medios e tempo ao alumnado para fomentar a

tarefa	participación a participación en enquisas de satisfacción.
Data prevista de finalización	27/12/2016
Persoa responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Executada
Comprobación Sub tarefa	AM-4.1.B. Comprobación Nº 1
Descrición Comprobación	Os alumnos dispoñen de portátiles en préstamo, así como da sala de informática da Facultade para poder realizar as enquisas.
Data Comprobación	13/10/2017
Incidencias	Non consta o seu uso por parte do alumnado no curso 2016/2017.
Axustes, Novas tarefas	Continuarase a ofertar estas posibilidades no curso 2017/2018.
Sub Tarefa3	AM-4.1.C
Descrición Sub tarefa	Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e a utilidade de participar en enquisas de satisfacción para o correcto funcionamento do SGIC.
Data prevista de finalización	27/12/2016
Persoa responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Executada
Comprobación Sub tarefa	AM-4.1.C. Comprobación Nº 1
Descrición Comprobación	Na Xornada de benvida aos alumnos de primeiro curso (setembro de 2016) informouse ao alumnado da existencia de enquisas de satisfacción así como da importancia e utilidade da

	súa participación nelas.
Data Comprobación	13/10/2017
Incidencias	--
Axustes, Novas tarefas	Continuar informando aos alumnos sobre a importancia da súa participación nas enquisas para o correcto funcionamento do SGIC.
Sub Tarefa4	AM-4.1.D
Descrición Sub tarefa	Difusión dos períodos de enquisas e fomento da participación a través de diferentes canles (páxina web do centro, Facebook, etc).
Data prevista de finalización	27/12/2016
Persoa responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Executada
Comprobación Sub tarefa	AM-4.1.D. Comprobación Nº 1
Descrición Comprobación	Os períodos de enquisas publicítanse no centro na pantalla informativa así como no Facebook da Facultade.
Data Comprobación	18/10/2017
Incidencias	--
Axustes, Novas tarefas	Continuarase a publicitar estas enquisas para fomentar a participación dos nosos estudantes.
Tarefa2	AM-4.2
Descrición tarefa	Valoración dun sistema de enquisas presenciais, se existe financiación para un bolseiro adicado/a a estas labores.
Data prevista de finalización	27/12/2016

Responsable	Marta Otero Crespo
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-4.2. Comprobación Nº. 1
